

Acta do Consello Escolar

Acta do consello escolar ordinario celebrado o xoves 11 de xullo de 2024, ás 12:00 horas, na biblioteca deste instituto, ao obxecto de tratar o seguinte asunto:

- Revisión do horario do recreo do centro.

O consello comeza con atraso pois moitos representantes están en reunións de departamento.

Preside a reunión o director do centro, Víctor Rodríguez Romero, e asisten as persoas que figuran na folia que se achega.

Coméntase brevemente o falado no claustro e fálase das vantaxes e inconvenientes de ter un ou dous recreos.

Procédese a votación e obtense un resultado de 5 votos a favor de dous recreos e 5 votos a favor de continuar cun recreo.

Laura Sánchez decide absterse e así sería un voto menos para dous recreos, xa que ela non vai estar no centro o próximo curso.

Con dito resultado tan axustado o consello decide que non sería unha boa opción facer o cambio de horario para o próximo curso escolar e decídese continuar cun recreo coma nos derradeiros cursos.

Dáse por rematada a sesión ás 13:10.

En Vigo, a 11 de xullo de 2024

O director:

A secretaria:

Asdo.: Víctor Rodríguez Romero

Asdo.: Beatriz González de Paz